

# CENTRO DE SAÚDE DE VEDRA

## Asistencia Sanitaria nas FASES DE DESESCALADA

Ata o momento, grazas ás medidas tomadas e ao seu cumprimento, non se produciron contaxios entre pacientes do centro. Todos os casos rexistrados en Vedra producíronse fora das actividades sanitarias do centro de saúde.

Por este motivo é especialmente importante que se manteñan as medidas preventivas, sobre todo debido ao elevado número de persoas maiores deste Centro de Saúde.

Continuarase, como ata o momento e ata que se considere que pasou o perigo de contaxio, realizando en primeiro lugar **CONSULTA TELEFÓNICA** sempre.

A mesma solicitarase con **CITA PREVIA**.



### CONSULTA NO CENTRO




Cando sexa necesaria consulta presencial, acordarase co médico ou enfermeira durante a chamada de teléfono, para que o paciente veña ao centro con todas as garantías de protección e poida ser atendido ao chegar. Veña só.

### PROBAS E REVISIÓNS



As probas ou revisións dos pacientes crónicos poden ser valoradas durante a consulta telefónica. O médico ou a enfermeira valorarán a necesidade de facelas agora ou pospoñelas durante un tempo.

Á parte das medidas organizativas no centro, lémbrese a máxima importancia que teñen as medidas de protección



**O PERIGO DA INFECCIÓN POR CORONAVIRUS NON PASOU  
NON CORRA RISCOS**

**Cita telefónica no Centro de Saúde**

**981 503111 – 981 814657**